



OFICINA MUNICIPAL DE MEDIO AMBIENTE
CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO

LIMPEZA DE FINCAS

CRITERIOS PARA A XESTIÓN DE BIOMASA. LEI 3/2007 DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS.

DISTANCIA DAS CASAS A CAL DEBEMOS LIMPAR PARA PREVIR OS LUMES FORESTAIS

Para as aldeas e vilas a lei di que:

Dende o límite da aldea ou vila ATA OS 50 METROS: non pode haber maleza, nin as especies da disposición adicional terceira, as cales son.:

- PIÑEIRO
- EUCALIPTO
- MIMOSA
- ACACIA NEGRA
- QUEIRUGA
- CARQUEIXA
- XESTA, PIORNO
- UZ, CARPAZA
- FENTO
- SILVA
- TOXO

O resto das árbores teñen que estar ben separadas entre si, a Orde do 31 de xullo de 2007 pola que se establecen os criterios para a xestión da biomasa vexetal, fálanos dun marco mínimo de separación entre árbores de 7 x7 metros.

No caso de casas illadas, ademáis do anterior, non poderá haber maleza nin árbores (de ningún tipo) dende o límite da casa ata os 10 metros.

ADEMÁIS DA OBRIGA DE MANTER AS PARCELAS E TERREOS SITUADOS EN SOLO URBANO OU NÚCLEO RURAL NUN ADECUADO ESTADO DE LIMPEZA E COA MASA VEXETAL DESBROZADA.

RESPONSABLES DA LIMPEZA: Propietarios, arrendatarios, usufrutuarios ou titulares dos terreos.

O PRAZO DA LIMPEZA XA TEN REMATADO.-

NO CASO DE NON LIMPAR: O concello poderá:

Ordenar os traballos de limpeza repercutindo os seus custos nos propietarios.

Obrigar a que se lle facilite o acceso para o cumprimento subsidiario da limpeza.

Iniciar o procedemento sancionador, con imposición das sancións legalmente establecidas.

Campo Lameiro, a 29 XULLO 2020.----

O alcalde/Asdo.: Carlos Costa Domínguez

